

## Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido  
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027  
www.cerdido.es correo@cerdido.es

exp. 2020/G010/000007

### ACTA Nº 2020/7 SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN - TELEMÁTICA, MÉRCORES 25 DE NOVEMBRO DE 2020 -

No día de hoxe, ás 19:00 horas, baixo a presidencia do alcalde, reúnen os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia da secretaria, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión extraordinaria do Pleno da Corporación realizada pola aplicación informática meet/google.es

**Preside:** Benigno Galego Castro

**Asisten:** Cándido Eusebio Preto Lago, Rocío Martínez Martínez, Marina Tojeiro Martínez, Cristian Carrodegas Graña, María-Amalia Díaz Rodríguez, Alberto Javier Rey Paz, David Prada Aneiros e Patricia Santalla Pérez

**Ausencias:** Ningunha

**Secretaria – Interventora:** Paula Díaz Tie

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na

#### ORDE DO DÍA


**1. Aprobación se procede, da acta do pleno reunido o día 28 de agosto de 2020 .Exp .2020/G010/000005 .Os membros do pleno asistentes aprobaron a acta por maioría . 8 votos a favor e a abstención da concelleira Marina Tojeiro Martínez que explica o sentido do seu voto pola ausencia ao pleno .**

**2.- Proposta da Alcaldía para a aprobación do Plan de acción para o clima e a enerxía sustentable (PACES).** Leída a proposta da Alcaldía do tenor literal seguinte :

Proposta da Alcaldía para a aprobación do Plan de acción para o clima e a enerxía sustentable (PACES)

**Antecedentes: administrativos :** Acordo do Pleno do concello do día 15/06/2020 de adhesión do Concello ao pacto dos alcaldes . Contrato menor de servizos , aprobado por Decreto do día 22/10/2020 , para a elaboración do Plan de acción para o clima e a enerxía sustentable adjudicado a empresa Flinq Ingeniería S.L.

**Lexislación aplicable :** Lei 7/1985 de 2 de abril de Bases de Réxime Local . Orde do 5 de maio de 2020 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades locais asinantes do Pacto dos alcaldes para o clima e a enerxía sustentable, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional con cargo ao programa operativo Feder Galicia 2014-2020,



## Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido  
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027  
www.cerdido.es correo@cerdido.es

exp. 2020/G010/000007

e se procede á súa convocatoria, en réxime de concorrencia non competitiva, para o ano 2020 .  
Artigo 3,2 .

Propoño ao órgano competente o seguinte ACORDO:

**Primeiro** :Aprobar o Plan de Acción para o Clima e a Enerxía Sustentable (PACES) redactado pola empresa Flinq Ingeniería S.L.


**Segundo-** Publicar o Plan de Acción para o Clima e a Enerxía Sustentable (PACES) na páxina web do pacto (<https://www.pactodelosalcaldes.eu>). En Concello de Cerdido , asinado dixitalmente na data que figura ao marxe .**Os membros do pleno asistentes en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes , aprobaron a proposta anterior .**

**O alcalde** , explica que o obxectivo do Plan , é intentar reducir as emisións , tanto no sector público como no privado nun 40% cun horizonte temporal do 2030. O plan recolle compromisos , non vinculantes , e un plan ambicioso que se centra no ámbito municipal en melloras nos edificios e alumado público destacando que nos casos que non hai datos do concello , o Plan recolle unha media dos datos dos concellos de Galicia e cunha comparativa dende 2010.

O Concelleiro Alberto Rey Paz , anuncia que esta dacordo coa proposta e cree que é un Plan ambicioso ,pero si se realiza ,benvido sexa .

**O Concelleiro Candido Prieto Lago** , explica que a redución do 40% enmarcase nunha meta da Unión Europea para a reduccion de emisións dende 2010 ata 2030

**2. Moción relativa o futuro da empresa :Siemens -Gamesa As Somozas. Leida a proposta da Alcaldía do tenor literal seguinte :** El pasado mes de enero se hace efectiva la compra de una fábrica de palas en Vagos (Portugal) por parte de Siemens Gamesa en donde están efectuando una gran inversión y apostando por poner los nuevos modelos de palas, como es el caso del G145 que en octubre del año pasado la empresa nos comunicó que teníamos muchas posibilidades de que este modelo se implantara en nuestra planta de Somozas pero que a día de hoy esta en funcionamiento en la plante de Portugal, así como todos los nuevos modelos (G155 y G170). Todo esto ocasiona el temor de una posible deslocalización y consecuente cierre de la plante de Somozas ya que en la reunión que mantuvo el Comité de Empresa con Siemens Gamesa el pasado 9 de julio, el Director de Operaciones de Palas nos comunica que sólo tenemos trabajo confirmado hasta finales del año 2020 y que hasta la fecha no se contempla ninguna inversión para la planta de Somozas. Desde el Comité de Empresa estamos valorando ya medidas de presión a seguir ante una posible deslocalización y cierre de la planta de Somozas. Ante esto, queremos se hagan inversiones en conjunto con un plan de viabilidad para la planta con el consecuente mantenimiento del empleo



## Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido  
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027  
www.cerdido.es correo@cerdido.es

exp. 2020/G010/000007

para nuestra plantilla. Entendemos que la situación afecta a más de 300 trabajadores de todas las comarcas que trabajan en nuestra planta de As Somozas, muchos desde hace más de 20 años. Por eso tenemos el ánimo de recabar todos los apoyos que sean necesarios. **SOLICITAMOS** a los ayuntamientos que se aprueben en una moción plenaria en favor a las actuaciones que vayamos adoptar este Comité de Empresa junto a los trabajadores y trabajadoras a partir de ahora y reclamamos el apoyo del Gobierno Central y Xunta de Galicia para impulsar los movimientos necesarios para que Siemens Gamesa siga manteniendo y apostando por la planta de As Somozas. **Sergio López Pedreira. os membros do Pleno en votación ordinaria e por unanimidade , aprobaron a proposta anterior .**

**O alcalde** explica que as perspectivas non son boas , explicando que a semana pasada tiveron unha reunión entre varios alcaldes da comarca co comité de empresa e que lle anunciaron que a finais do mes que entra , estarán sen carga de traballo , e cree prioritario dar o apoio do pleno

**O concelleiro Alberto Rey Paz** , anuncia o seu total apoio a plantilla e espera que sirva para algo .

**O concelleiro Cándido Prieto Lago**, engade que hai moitos traballadores do concello e da comarca implicados e cree preciso presionar a multinacional para que recapacite un pouco e que dote de carga de traballo a empresa de As Somozas .

Ás 19:25 horas non hai máis asuntos que tratar. Por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu, secretaria, dou fe.

Concello de Cerdido, xoves 26 de novembro de 2020

A secretaria, Paula Díaz Tie

O alcalde, Benigno Galego Castro